




**PLATAFORMA
GALEGA PARA
AS ARTES
PERFORMATIVAS
CONTEMPORÁNEAS**

www.decorpospresentes.gal

contacto@decorpospresentes.gal

DE CORPOS PRESENTES é unha **plataforma de produción, investigación e difusión das artes performativas contemporáneas en Galicia**; un campo cunha comunidade artística moi fértil e activa –tanto no plano creativo e de creación de coñecemento sobre o noso presente, como na súa capacidade mediadora e dinamizadora a nivel social–, pero cun contexto institucional aínda pouco propenso para acoller e aproveitar todas as súas potencias.

Partindo da diagnose desta situación, á que queremos identificar como oportunidade, DE CORPOS PRESENTES procura **activar conexións** entre unha serie de **artistas con procesos creativos en marcha no noso territorio**, e unha serie de **espazos museísticos**, culturais e de coñecemento sensibles á creación contemporánea que, por súa vez, aglutinan a un conxunto de **públicos**. A forma destas conexións defínese a través dun **traballo de curadoría e mediación**, para xerar un programa axeitado en cada caso, en función dos artistas e colectivos implicados, e tamén en función dos espazos, museos e públicos. Así, o **programa** de DE CORPOS PRESENTES é mutable cada ano, implicando novos axentes e novas metodoloxías de cada vez.



DE CORPOS PRESENTES **fai alusión aos corpos de hoxe e ao seu estar xuntos nos nosos tempos**, habitados e por habitar. Fai alusión, por unha banda, á materia mesma das artes performativas: o corpo como material poético. A súa expresión en plural (corpos) atende á noción de comunidade e/ou de multitude, arredor da cal xiran moitas das creacións contemporáneas. Por outra banda, o título refire ao diálogo que estes corpos establecen co noso tempo, o presente, e as súas múltiples formas posibles: os nosos presentes. Un diálogo que os corpos xeran a través do seu propio estar (estar presentes) e da súa acción nun espazo e nun tempo compartidos. O diálogo e a intelixencia da súa performatividade.

PROGRAMA DE CORPOS PRESENTES 2019

DE CORPOS PRESENTES arrancou públicamente en decembro de 2018 da man da investigadora e xestora cultural Sabela Mendoza, co apoio da Deputación da Coruña a través das Subvencións a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural.

En 2019, DCP contou con **5 actividades públicas** –entre performances, obradoiros, coloquios e encontros–, que tiveron lugar **en Normal**, o espazo de intervención cultural da UDC na Coruña. Neste programa foron convidadas a participar un total de **6 artistas** –3 artistas de Galicia e 3 artistas de fóra–. Participaron no programa arredor de **87 persoas**, de distintos perfís e idades.

Os principais focos da programación de 2019 foron:

- 1) A cuestión da memoria e o arquivo en relación cas artes performativas contemporáneas en Galicia;
- 2) A exploración das "performatividades institucionais" e como as artes do corpo procuran e transforman as lóxicas de convivencia;
- 3) O intercambio artístico e profesional con Portugal.

Artistas participantes

- **Manu Lago**
- **Sara Machado**
- **Begoña Cuquejo**
- **Matías Daporta**
- **Laura Ramírez**
- **Ainhoa Hernández**

Espazos e colaboradores

- **Normal** Espazo de intervención cultural da UDC, A Coruña
- **Concellería de Culturas da Coruña** A Coruña

CONEXIÓN CON OBJETIVOS

O exercicio curatorial e de mediación no que se basea DCP procura establecer conexións, para producir efectos positivos a tres niveis que atenden a toda a cadea de axentes das artes performativas.

1. A plataforma DCP supón un **pulo importante para as artistas que traballan no noso territorio**, ao permitiren abrir os seus procesos creativos ao público e confrontalos nas etapas máis fráxiles pero tamén máis experimentais e cargadas de vectores de significados; ademais de axudarlles na visibilización da súa obra, ao ser esta compartida en espazos cunha importante carga simbólica e/ou lexitimadora.

O obxectivo aquí é impulsar as producións e facilitar o traballo profesional de artistas locais que traballan nos terreos máis experimentais e híbridos, con maior dificultade de acceso a programacións culturais; así como poñer en valor o rol social da comunidade artística adicada ás artes performativas; e crear novas redes de afectos e colaboracións entre a comunidade artística.

2. O proxecto serve como **facilitador de programación de calidade e innovadora para espazos museísticos e culturais do territorio**, un territorio ben dotado en equipamentos e porén con escasa programación arredor do feito performativo.

O obxectivo aquí é colaborar –a través da curatoría e mediación–, cos espazos museísticos na súa apertura cara á incorporación de programas de artes performativas capaces de atraer públicos e aportar innovación.

3. As conexións creadas serven para **achegar ao público algunhas claves sobre o fenómeno performativo**: o seu contexto, a súa diversidade, e máis particularmente as formas e discursos que se están a crear dende e cara ao noso territorio.

públicos e aportar novidade aos habituais. Tamén, en paralelo, comezar a xerar un pequeno corpus de crítica e de escrita en lingua galega arredor das artes performativas contemporáneas, algo moi residual na actualidade.

O obxectivo aquí é o de atraer novos

ACTIVIDADES

A MEMORIA É HOXE

Presentación e conversa con Manu Lago

28.03.2019, de 19.30h a 21.00h

Auditorio NORMAL (A Coruña)



Manu Lago, xestor cultural que traballa para compañías e festivais baixo a marca “Galicia Danza Contemporánea”, é creador entre outros proxectos do “Arquivo online da danza contemporánea de Galicia”, unha web que foi aberta públicamente en abril de 2018. O proxecto procura recoller a memoria recente da danza contemporánea no noso territorio, documentando institucións, creadores, obras, cifras de produción e de espazos de circulación... Centos de rexistros que foron recollidos dende unha iniciativa independente, deixando en evidencia a falta de atención institucional para con a memoria e o presente das artes máis efémeras.

A lectura e debate públicos arredor dun arquivo como este constitúen unha chamada de atención sobre como a propia comunidade artística, por desexo e/ou por necesidade, estase a facer cargo de garantir á sociedade o acceso a este tipo de cultura, pero tamén sobre como isto se converte nun modo de manter a independencia dos relatos.

A través do convite a varias persoas, profesionais das artes performativas en Galicia, fixemos unha lectura colectiva do Arquivo, relacionando a memoria alí recollida coas memoriais propias das compañeiras, e abrindo tamén o debate a todas as asistentes. Como e cando construímos a memoria da danza? Que podemos facer dende o presente para que non se perda a nosa pegada? Procuramos reflexionar xuntas sobre a importancia de (re)coñecernos, de conservar a nosa memoria creativa, de manter a independencia dos relatos, e de aprender a partir da súa lectura.

A charla contou con 32 asistentes, entre artistas, xestores culturais e xente interesada.



+ INFO: <http://decorpospresentes.gal/event/a-memoria-e-hoje-conversa-con-manu-lago>

FB: <https://www.facebook.com/events/780194389030572/>

A INTERNACIONALIZACIÓN DAS ARTES PERFORMATIVAS

Obradoiro con Sara Machado

23.04.19, de 16.00h a 20.00h

Cubo, NORMAL (A Coruña)



Obradoiro para produtores e artistas a cargo de Sara Machado (PT) , directora de produción e relacións internacionais do Festival Cumplicidades (Lisboa) e coordinadora de Performing Arts Portugal.

A internacionalización é entendida neste obradoiro como unha forma de aumentar a circulación dun proxecto artístico e visibilizar outras formas de sustentabilidade profesional, tanto para artistas como para produtores ou xestores. Como definir os festivais ou circuitos de presentación máis adecuados para o meu proxecto? Como atopar os apoios e mecanismos de apoio á mobilidade artística? Como divulgar o propio traballo para outro público, diferente ao nacional? Tomando como base os proxectos e desafíos cos que se confrontan os participantes desta formación serán partilladas ferramentas, recursos e contactos.

O obradoiro, de 4 horas de duración, foi de asistencia gratuita previa inscrición. Participaron un total de 15 persoas.



+ INFO: <http://decorpospresentes.gal/event/a-internacionalizacion-das-artes-performativas-obradoiro-con-sara-machado>

FB: <https://www.facebook.com/events/2395276330692749/>



#SPANISHWASHING. PERFORMATIVIDADES INSTITUCIONAIS

Mesa de traballo con Begoña Cuquejo e Matías Daporta

Mesa de traballo: de 16.00 a 19.00.

Presentación pública: de 19.00 a 20.00h.

Sala xuntas, NORMAL (A Coruña)



Begoña Cuquejo e Matías Daporta son artistas que viven entre distintas cidades europeas e traballan xuntos dende o 2010, asesorando cada un deles o traballo do outro. #spanishwashing é a súa primeira colaboración horizontal, coa que crean a AAHPICA (Asociación de Afectados por la Homogeneización del Patrimonio Inmaterial Cultural Actual), como instrumento a través do cal executan as actividades do proxecto. #spanishwashing é un proxecto de investigación sobre a homoxeneización cultural que traballa por atopar unha vía de acción entre o artístico, o activismo e o social, para a defensa dos dereitos culturais que están a ser vulnerados no contexto actual.

En NORMAL organizamos unha mesa de traballo teórico-práctica, para reflexionar sobre os procesos contemporáneos de homoxeneización cultural, a idea de patrimonio inmaterial actual e o espazo legal para defendelo, que tentamos facer efectivo a través da redacción da candidatura de “Patrimonialización da Investigación en Artes Vivas” ao inventario de Patrimonio Inmaterial de Galiza e España. Ao finalizar a mesa, celebrouse unha presentación pública dos resultados, aberta a toda persoa interesada.

A mesa de traballo estivo composta por 8 persoas inscritas, que compartiron a presentación pública a outras asistentes.



+INFO: <http://decorpospresentes.gal/event/spanishwashing-mesa-de-traballo-con-begona-cuquejo-e-matias-daporta-aahpica>

FB: <https://www.facebook.com/events/463912444152501/>

LABORATORIO DE EXPLORACIÓN DE MOVIMIENTO

Obradoiro con Twins Experiment

11 e 12.06.2019 , de 18.00 a 21.00 h

Aula de Danza. Normal (A Coruña)




“Un laboratorio onde compartimos a nosa metodoloxía de traballo e algunhas prácticas e materiais que forman parte da nosa última peza: *everlasting softness*, arredor da creación dun ecosistema brando, un espazo sensorial, e o traballo con materiais e corpos brandos.” - Twins Experiment.

Ainhoa e Laura. Madrileñas. Xemelgas. Separadas ao nacer, reencontrámonos en 2014. Xuntas somos Twins Experiment. Xuntas facemos playlists, listas, esquemas, collages, pegatinas, clubes, pezas. Tamén bailamos, dormimos, ideamos xogos e, ás veces, compartimos piso. Twins somos dúas e somos colectivo. Traballamos dende a afectividade, a telepatía e a horizontalidade. Ser Twins permítenos tomar riscos que non tomaríamos soas, xuntas convertémonos en superheroes..



+ INFO: <http://decorpospresentes.gal/event/laboratorio-de-movemento-con-twins-experiment>
FB: <https://www.facebook.com/events/526988081167500/>



EVERLASTING SOFTNESS Performance con Twins Experiment

13.06.19 , de 20.00 a 21.00h

Cubo, NORMAL (A Coruña)



Terceiro traballo de Twins Experiment (Ainhoa Hernández e Laura Ramírez), no que se quere propiciar un espazo brando para exercer a escoita da materia e a súa axencia. Un espazo sensorial ficcionado onde todos os corpos teñan a mesma importancia e a materia sirva como materialización da terceira cousa que se produce entre dous. A práctica que Twins Experiment está desenvolvendo implica os seus corpos e a súa relación con materiais brandos. A singularidade dos materiais escollidos mantén unha estreita relación con algúns conceptos centrais no seu traballo como colectivo: porosidade, flexibilidade, afectación e mutabilidade; así como con algunhas características da sociedade actual na que as nosas vidas presentan unha condición líquida, é dicir, non manteñen por moito tempo a mesma forma. Colócanse diferentes preguntas: como habrá de moverse o noso corpo para ser acompañado pola materia?, cómo respetar as singularidades de cada corpo?, como é este ecosistema que se está a xerar



+ INFO: <http://decorpospresentes.gal/event/everlasting-softness-performance-con-twins-experiment>

FB: <https://www.facebook.com/events/620224275129475/>

COLABORACIONES

COLABORADORES 2019



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



ESPAZOS 2019

NORMAL

+ INFO E CV

DCP nace da man de **Sabela Mendoza**

Investigadora e xestora cultural, o seu traballo está centrado nas artes escénicas e a creación contemporánea, especialmente no estudio da danza e a análise de políticas culturais. Licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo, Máster en Xestión Cultural pola Universidad Carlos III e Máster en práctica escénica e cultura visual pola Universidad de Castilla La Mancha – Museo Reina Sofía. Formada en danza clásica e contemporánea.

En 2008 comeza a traballar como coordinadora de proxectos culturais, tanto en institucións públicas e privadas como de forma independente. Foi asistente de publicacións e logo coordinadora xeral do Centenario da Fundación Residencia de Estudiantes (2008-2010), responsable de proxectos culturais e comisaria de exposicións da empresa iconi (2011-2015) en Matadero Madrid, sendo directora artística e executiva do Festival Internacional Ilustratour (2013-2015) en Valladolid e Madrid. Neses anos foi responsable de exposicións, itinerancias e programas de formación en colaboración con distintas institucións (AECID, Instituto Cervantes, AC/E, Instituto de la Mujer, Casa Encendida, Matadero Madrid, Museo ABC, Museo Patio Herreriano, entre outras). Traballou tamén como produtora executiva de cine independente e organizando programas e xornadas sobre creación escénica, políticas culturais, etc. Imparte conferencias e charlas en diferentes foros e participa coma xurado de certámenes de danza contemporánea.

Entre 2015 e 2017 traballou con Hablar en Arte como consultora-asesora de artes escénicas. Dende 2015 colabora tamén co coreógrafo Javier Martín, acompañando investigacións propias e comúns sobre as artes do movemento, activando proxectos que atenden á creación ou dinamización de contextos para a danza. En xuño de 2016 estreou a súa peza “El público está aquí”, un estudo performativo e de escritura sobre o espectador e a mirada (presentado no Museo Reina Sofía, o Teatro Pradillo de Madrid, Museo Universitario del Chopo en Ciudad de México e Teatro Solís en Montevideo), á que continúa dando forma.

En 2017 é seleccionada polo proxecto “Emplea Cultura” da Fundación Santander para coordinar un proxecto de residencias de arte contemporánea –“Charco”– como parte do equipo da empresa Consultarte en A Coruña, no que traballa dende maio de 2017 a maio de 2018. Neste tempo, continúa a compaxinar proxectos como profesional independente e colabora con outros axentes locais relacionados coas artes vivas, como o colectivo RPM, co que comparte a curadoría das xornadas *Hiperespazos. A casa fóra da casa*, impulsadas polo Concello da Coruña. Tamén comeza a colaborar ca *Erregueté revista galega de teatro*.

Nos últimos anos traballa na curadoría da Temporada 2018-2019 do Teatro Pradillo de Madrid, espazo dedicado ás artes vivas e á experimentación escénica. E coordina o “Taller de público(s)” no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, un obradoiro que acompaña a programación de danza para a sensibilización e formación de públicos, como parte do proxecto de Programación Expandida do TRC danza. É vicepresidenta da asociación Emprendo Danza, realizando unha labor de análise de políticas culturais e deseño de propostas para a mellora do sector. Continúa a colaborar co coreógrafo Javier Martín, e a desenvolver novos proxectos, froito da súa experiencia como axente cultural e do seu desexo de seguir creando e traballando dende o territorio propio. De aí xorde *De corpos presentes*.

<https://acuerpodebaile.com/>

<https://sabelamendoza.wordpress.com/>

**decorpospresentes.gal
contacto@decorpospresentes.gal
@decorpospresentes**